



# Día da Augardente

*Domingo de Pascua*



*Portomarín  
12 de Abril de 2009*



Como cada ano, e xa van trinta e nove, celebramos unha das nosas festas con máis sona, a Festa do Augardente de Portomarín. Unha celebración que pervive ó longo do tempo, a pesares das dificultades e das diferencias, e coa que pretendemos non só a promoción dun dos nosos produtos máis afamados da nosa terra, senon tamén manifestar e expresar parte da nosa personalidade e identidade como pobo renacido. Pobo que nun tempo sufriu a inxusta condeada de desaparecer fisicamente para volver a rexurdir de novo, pedra a pedra, coa forza dos nosos ancestros, e que hoxe brinda por un novo tempo, mais sempre coa ollada nese pasado inesquecible que ven marcando o noso presente e o noso futuro.

Esta é unha celebración onde o lume nos purifica e nos fortalece e onde ese licor que destilan nas nosas rúas e nas nosas casas serve para afogar as nosas penas, para irmanar os nosos corazóns e para xuntarnos un pouco máis na nosa convivencia diaria.

Motivos estes máis que suficientes, aínda que poderíanse expoñer moitos outros, para achegarse o día 12 de Abril a Portomarín. Xornada na que os veciños e veciñas de Portomarín compartirán parte da súa vida e das súas ilusións con todos aqueles que se animen a visitar esta sonada festa, na que poden disfrutar das excelencias do noso augardente e asistir e participar na no Cabildo Xeral da Orde Serenísimas da Alquitara, que como cada ano nomea os novos Cabaleiros e Damas que no seu compromiso como novos membros da Orde aceptan defender, divulgar e exaltar alí onde se atopen o augardente de Portomarín, a súa elaboración tradicional e a esta vila e os seus veciños e veciñas que sempre os acollerán cos brazos abertos.

Como así acollerán a todos os que teñan o gusto de visitarnos o Día do Augardente.

*Silvia Rodríguez Díaz*  
Alcaldesa de Portomarín

## PROGRAMA DE ACTOS

12 de Abril de 2009

### POLA MAÑÁ

- 10:00 H.  
Prendido das alquitaras na Praza Maior.
- 11:00 H.  
III Concentración de Clásicos Vila de Portomarín.  
Desfile e posterior exposición no Campo da Feira.
- 12:30 H.  
Solemne Procesión do Encontro e Misa Maior.
- 13:30 H.  
Concerto da Banda Municipal de Taboada.

### POLA TARDE

- 17:30 H.  
Cabildo Xeral da Orde Serenísimas da Alquitara,  
na casa da cultura coa recepción dos novos  
Cabaleiros e Damas que ingresan na Orde.
- 18:00 H.  
Pregón a cargo de: *Francisco Fernández Liñares*  
Presidente da Confederación Hidrográfica  
Miño - Sil.
- 18:30 H.  
Cata da Augardente e Fallo do Xurado  
nos soportais da Casa do Concello.  
Entrega de premios ós Augardenteiros gañadores

### POLA TARDE-NOITE

Concerto da Banda Municipal de Taboada  
e actuación do Grupo Cultural Río Miño.

Verbena coa Orquestra LOS ESTELARES de  
Pontevedra e Queimada Popular ofrecida  
polo Concello.